



AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Ao abeiro do Regulamento, o Grupo Provincial Marea Atlántica presenta a seguinte moción sobre instalación eólicas na provincia da Coruña para o seu debate no pleno ordinario correspondente ao mes de febreiro de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asistimos na actualidade a unha verdadeira vaga de proxectos de parques eólicos en mans maioritariamente de grandes empresas que, cunha lexislación feita a medida, lánzanse ao suculento negocio do vento galego.

Este fenómeno prodúcese nun marco normativo que prima a propiedade das grandes empresas, a implantación masiva de parques eólicos cuns criterios laxos a nivel paisaxístico e ambiental, e no que non se aposta pola democratización da enerxía, fornecendo ferramentas que permitan a participación das poboación atinxidas, nomeadamente a a rural, nun negocio sometido aos mínimos estándares de sustentabilidade social e ambiental.

Así, a Xunta de Galicia acaba de aprobar unhas Directrices da Paisaxe que son un cúmulo de xeneralidades onde non se contempla nin unha soa zona de exclusión e onde todas as medidas concretas se aprazan ata unha revisión do Plan Eólico de Galiza á que non se lle pon prazo, e á que o goberno galego se ten negado sistematicamente dende hai 12 anos.

Tamén está demorando unha vella demanda da UE, a ampliación da Rede Natura, e todo isto a maior beneficio da implantación masiva de parques que se está a producir actualmente.

O Plan Eólico de Galicia é de 1997 e ten como última modificación a do 2002 sendo, polo tanto, un instrumento obsoleto e desfasado, tanto polos avances técnicos nos aerogeradores, como nos avances, a nivel de normativa europea, nos estándares de protección ambiental, paisaxística e de participación cidadá, que mudaron completamente nestes 20 anos.

Todo o avance en lexislación ambiental promovido dende Europa é posterior a ese Plan Eólico, o que fai que actualmente se estea aplicando un instrumento de planificación que non foi sometido á



avaliación ambiental estratéxica, como obriga a normativa actual, e polo tanto non hai ningunha análise do impacto a escala nacional da actividade eólica, deixando vía libre para que se produzan impactos indesexados na paisaxe, no patrimonio e no medio natural.

Ao contrario, o goberno galego vén aprobando normas feitas a medida dos fondos voitre, bancos, construtoras, e eléctricas que copan o capital que controla o negocio eólico, reducíndolles prazos, eliminando requisitos e dificultando a participación da cidadanía.

Tan improvisada está a ser esta carreira que no fronte xudicial comézanse a ver os efectos, con 2 parques anulados no último mes -Sasdónigas en Mondoñedo e O Iribio en Samos e Triacastela e máis recentemente o de Mazaricos- con dúas contundentes sentenzas que van moito máis alá dos casos concretos citados, cuestionando a política ambiental e de desenvolvemento eólico da Xunta de Galicia no seu conxunto, sinalando unha carencia dunha planificación integral, denunciando o emprego de instrumentos ambientais obsoletos, a colocación de parques en posibles zonas de ampliación da Rede Natura, a fragmentación artificial de parques ou opapel pasivo da cidadanía no desenvolvemento eólico.

As políticas da Xunta de Galicia de colaboración activa cos grandes capitais permiten que se pase por riba dos dereitos da cidadanía, actuando o goberno galego como principal obstáculo para a información e participación das persoas e colectivos que defenden o territorio das agresións ambientais, económicas e paisaxísticas que supoñen en moitos casos estes parques.

Un exemplo deste proceder, dos moitos que se poderían incluír, é o parque da Serra do Oribio, construído en Rede Natura cun procedemento administrativo escurantista e opaco para beneficio da empresa.

En definitiva o modelo do PP para o vento é un modelo extrativista e desarrollista en mans duns poucos, contra o interese xeral, que causa impactos ambientais e paisaxísticos significativos e que non deixa beneficios relevantes para a poboación local en relación cos tremendos beneficios que acadan as empresas explotadoras dos parques.

No ano 2019, Galiza produciu o 65% do seu consumo total de electricidade de enerxías renovables, o dobre do obxectivo que marca a UE para os Estados para o ano 2030. Por esta razón, dende o



noso punto de vista non é o momento de impulsar unha carreira tola de implantación de parques eólicos no noso País, senón de desenvolver a potencia eólica dun xeito racional, sostible e ordenado.

Galiza ademais non debe de potenciar un modelo desarrollista no eido eólico senón un modelo harmónico onde economicamente máis que a potencia instalada se estimule o desenvolvemento de tecnoloxía propia, sector con moita máis capacidade a longo prazo de crear emprego e de maior calidade que o que xera a potencia instalada.

Para o futuro de Galiza é indispensable a potenciación de políticas que reduzan a dependencia enerxética de Galiza, e a súa dependencia de combustible fósiles, que serán escasos no futuro.

Dentro desta política, que debería ser troncal no goberno galego, e transversal no seu deseño e aplicación, a produción eólica debería aplicarse baixo outro modelo máis democratizado, en mans da cidadanía, descentralizado e que protexa os valores patrimoniais, paisaxísticos e ambientais.

O marco normativo ao cal debe aterse un país pertencente á Unión Europea está regulado por unha norma específica, a Directiva 72/2009 CE. Esta norma pretende configurar a actividade de produción de enerxía eléctrica establecendo unha serie de prioridades:

- a) Priorización das enerxías renovables fronte ás non-renovables.
- b) Liberdade de mercado, libre establecendo para produtores.
- c) Condicionabilidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado (primas ou axudas) á previa ineficacia do mercado libre para alcanzar os obxectivos propostos.
- d) Prioridade das plantas de produción de pequeno tamaño e de "xeración distribuída".
- e) Acceso universal ás redes de distribución e transporte.
- f) Transparencia nos procesos de asignación de axudas (primas licenzas...)

Todos estes principios foron vulnerados pola lexislación de ámbito estatal e pola específica galega, alterando desta forma o deseño do sector eléctrico que pretendía a Unión Europea e deseñando



outro, totalmente distinto e con outros intereses, un deseño do sector volcado en privilexiar ao oligopolio eléctrico.

En resumo podemos dicir que a aplicación do modelo europeo é doadamente comprobable en países como Alemaña ou Dinamarca, os cales se diferencian de España nos seguintes aspectos.

- a) Presenza masiva de paneis solares nos tellados de naves industriais e vivendas.
- b) Presenza de aerogeradores pequenos nas granxas e fábricas.
- c) Eliminación da enerxía nuclear.
- d) Preferencia de subministración por moitos e pequenos produtores en lugar duns poucos e grandes. Preferencia pola "xeración distribuída".
- e) Doado acceso á tramitación das pequenas instalacións, incluíndo o acceso a rede.
- f) O 85% da capacidade instalada de enerxía eólica é propiedade de particulares ou cooperativas eólicas nas que participan as comunidades locais afectadas.

Ése é o modelo do interese xeral, o modelo sostible, o modelo socialmente viable.

Viable polas características dun país coa poboación diseminada, e cunha rede eléctrica igualmente estendida, e necesario por ser imprescindible o cambio de modelo enerxético, a redución da dependencia, a preservación da paisaxe, do patrimonio e a biodiversidade, e por ser un mecanismo de produción de rentas no rural para frear a tendencia ao abandono actual.

Outra característica deste modelo de desenvolvemento eólico é que os concellos nada poden decidir quedando ao albur de decisións que pasan por riba dos seus intereses e planeamentos, moitas veces contradictorios co que se implanta.



Vemos casos nos que hai unanimidade nas corporacións en contra da instalación dun parque eólico e nada poden facer ao respecto. Asistimos ademais a un agravamento constante destes casos coa recente aprobación da lei de simplificación administrativa que disparará os trámites de expansións destas instalacións.

A única vía que queda é a xudicial, polo que a Deputación da Coruña debe prestar un servizo específico, dentro da asesoría xurídica aos concellos, enfocada á defender os seus intereses no sector eólico, para evitar abusos sobre a veciñanza e administración local.



Por todo elo o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno o seguinte acordo:

A Deputación da Coruña

1) Insta á Xunta de de Galicia a paralizar a proliferación incontrolada de novos parques eólicos en canto:

a) Non se elabore un novo Plan Eólico de Galicia cos seguintes eixos:

-Participación social na elaboración do Plan e no desenvolvemento abrindo vías de participación pública e cidadán na explotación dos parques.

- Repotenciación dos parques existentes fronte novas instalacións

- Priorización da xeración distribuída en pequenos parques ou autoconsumo ou autoconsumo con balance neto.

b) Sexa iniciada a tramitación de ampliación da Rede Natura 2000

2)Acorda poñer a disposición dos concellos da provincia da Coruña os recursos do servizo de asesoría xurídica para defender os intereses e a vontade destes ante a implantación de parques eólicos que se consideren abusivos ou prexudiciais pola veciñanza e corporacións.

Alberto Lema Suárez
Portavoz do GP Marea Atlántica
A Coruña, a 17 de febreiro de 2021